



Galicia

# GALICIA LABORAL

Diario dixital da UGT de Galicia

ISSN 1989-3299

Nº 703 Semana do 7 ao 13 de novembro de 2016



**UGT ESIXE UNHA LEI DE IGUALDADE SALARIAL QUE EVITE AS DISCRIMINACIÓNS ENTRE HOMES E MULLERES**

## **AS MULLERES EN ESPAÑA TRABALLAN UNHA MEDIA DE DOUS MESES AO ANO GRATIS**

**Redacción.-** A Unión Xeral de Traballadores denuncia un ano máis que a brecha salarial en España, segundo datos de Eurostat, sitúase no 14,9%, o que supón que as mulleres no noso país traballan gratis unha media de 54 días (case dous meses). Para poñer de manifesto esta realidade, o sindicato iniciará unha campaña, co lema #EuTraballoGratis, que se desenvolverá do 8 de novembro ata o 31 de decembro, o período de tempo no que as traballadoras españolas regalan o seu traballo. UGT advirte de que as discriminacións no emprego que soportan as mulleres -acceso ao mercado de traballo, modalidades de contratación, duración da xornada, interrupcións de carreira para o coidado de familiares, etc- prexudicanlles economicamente ao longo de toda a vida acentuándose á hora da xubilación. Os últimos datos da EPA, ademais, mostran o empeoramento da situación das mulleres no mercado laboral e o incremento das desigualdades, polo que UGT reclama a aprobación urxente dunha Lei de Igualdade Salarial e esixe ao novo Goberno que adopte as medidas necesarias para facer fronte a esta discriminación.

Segundo os últimos datos de Eurostat, a fonte estatística da Unión Europea, publicados en outubro deste ano, a brecha salarial -a diferenza de salario entre mulleres e homes- en España sitúase en 14,9% salario/hora, polo que traballan unha media de 54 días gratis cada ano (en Europa está en torno ao 16,7% salario hora), polo que as mulleres traballan de media 54 días gratis cada ano, case dous meses.

A muller sofre discriminación no acceso ao emprego, nas modalidades de contratación, na duración da xornada, nas interrupcións de carreira para o coidado de familiares e, todas elas, acentúan a súa precariedade tras a xubilación.

Segundo os datos da Enquisa de Estrutura Salarial de 2014, últimos datos oficiais que coñecemos, dados a coñecer en outubro deste ano, a diferenza dos salarios medios brutos anuais entre mulleres e homes sitúase nun 23,25%, mentres que a diferenza de salario hora é dun 14%. Mentres que eles perci-



biron, de media, 25.727,24 euros anuais, as mulleres recibiron 19.744,82.

Se a unidade de medida é pequena (salario hora), a diferenza é menor que se sumamos esa diferenza ao longo do día, da semana, do mes ou do ano. Dous euros de diferenza nunha hora, son 16 nunha xornada de oito ou 5.982,42 euros anuais menos de media nun ano. Unha diferenza que, acumulada ao longo da vida laboral, ascende a 209.385 euros menos.

Das 7.901.500 mulleres que traballan en 2014, 2.021.600 mulleres fixérono a tempo parcial. Unha de cada catro mulleres traballadoras ten un contrato a tempo parcial e máis dun millón e medio accederon a este tipo de xornada como única forma de entrar no mercado laboral pero non por vontade propia.

Unha traballadora a tempo parcial recibiu de media 9.690,50 euros brutos anuais en 2014, moito menos da metade do que cobraron as mulleres con xornada a tempo completo que recibiron 25.041,50 euros e a terceira parte do que gañan os homes con xornada completa, 28.318,14 euros.

Ademais, segundo a Enquisa de Estrutura Salarial, un millón e medio de mulleres en España cobran, como máximo o SMI, 9.034,20 euros anuais brutos, unha cifra que se reduce a menos da metade - 739.363- homes e só unha de cada tres pensións do sistema contributivo da Segu-

ridade Social percíbea unha muller. Tomando como referencia o tramo de idade de 65 a 69 anos, mentres que os homes reciben unha pensión media de 1.327,20 euros, as mulleres só perciben 860,79 de forma que a brecha neste tramo alcanza o 35,14%.

### **Unha situación que, lonxe de mellorar, co tempo empeora**

Os datos da Enquisa de Poboación Activa do terceiro trimestre de 2016 poñen de manifesto o empeoramento da situación das mulleres no mercado laboral e o incremento das desigualdades: mantense a brecha de xénero no desemprego pero crece a brecha de xénero no emprego, xa que descende a taxa de actividade feminina e a ocupación aumenta máis entre os homes que entre as mulleres.

A taxa de emprego feminino sitúase no 45,41% e a masculina no 54,58%, o que supón 9,17 puntos porcentuais de brecha por xénero no emprego, unha cifra que aumenta con respecto do trimestre anterior xa que no segundo trimestre esta situouse en 8,97 puntos porcentuais.

A pesar de que neste trimestre a taxa de desemprego feminino reduciuse en 1,16 puntos respecto do trimestre anterior, sitúase nun 20,66% mentres que a taxa de paro masculina baixou 1,01 puntos, situán-

Continúa na páxina seguinte...

...vén da páxina anterior.

dose no 17,39%, mantendo a brecha de xénero, case invariable, en 3,27 puntos porcentuais.

Descende a feminina pero incrementase a masculina, o que provoca un alarmante crecemento progresivo da brecha de xénero que se sitúa xa en 11,65 puntos porcentuais.

O número de mulleres activas baixa en 48.700, situándose nun 53,61%, e o número de homes activos aumenta en 21.400, alcanzando o 65,26%. Pero é que, ademais, a inactividade das mulleres crece no terceiro trimestre de 2016 respecto do se-

gundo trimestre do mesmo ano, case un punto porcentual por dedicación ás labores do fogar, pasando dun 37% a un 37,9%, mentres que a inactividade dos homes por esta causa segue inalterable (5,9%).

Os datos revelan, ademais, que os coidados familiares non só seguen sendo tarefa case exclusiva das mulleres (máis do 90% das excedencias por coidado dalgún familiar son solicitadas por mulleres), senón que se está incrementando o número de mulleres que abandona temporalmente o mercado de traballo para dedicarse ao coidado dalgún familiar.

De feito, de xaneiro a setembro de 2016, rexistráronse 40.711 excedencias por

coidado de fillo, menores acollidos ou outros familiares, das cales 37.069 (o 91,05%) foron solicitadas por mulleres e só 3.642 por homes (un 8,95%). Ademais, a variación interanual indica que durante este período houbo un incremento de excedencias para o coidado da familia dun 12,43%.

É necesario ter en conta que durante o exercicio deste tipo de excedencias as mulleres, que son as que maioritariamente fan uso delas, non perciben ingresos salariais nin ningún tipo de prestación económica da Seguridade Social e que o afastamento do posto de traballo adoita ter consecuencias negativas no emprego tras a finalización dos devanditos períodos.

## UGT ANIMA A TEMPORAIS E INTERINOS A RECLAMAR A MESMA INDEMNIZACIÓN POR DESPEDIMENTO QUE OS INDEFINIDOS

Acode a UGT #TesDereito

**Redacción.-** A Unión Xeral de Traballadores puxo en marcha unha campaña para que os traballadores temporais e interinos poidan reclamar o seu dereito á mesma indemnización que os traballadores fixos cando finalizan o seu contrato.

A sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TUE) corrixe a lexislación española e anula a discriminatoria indemnización aos contratos temporais en España, dándolle un "tirón de orellas" ao Goberno español.

Para o sindicato, é unha emenda á totalidade das reformas laborais que se fixeron neste país nos últimos anos. E non é a primeira vez que este Tribunal bota por terra parte da lexislación laboral española en materia de contratación e insta a devolver os dereitos que os traballadores perderon coas reformas laborais.

Desta forma, esta sentenza, de obrigado cumprimento e que afecta tanto ao sector público como ao privado, sinala que o contrato indefinido debe ser a regra xeral na contratación, non podendo dis-

criminar aos traballadores segundo sexan temporais ou indefinidos.

Neste sentido, un contrato temporal debe ter unha causa para selo e se ten un motivo para finalizar, tamén debe ser indemnizado de maneira correspondente pola devandita causa, non por ser temporal.

Por iso, se o teu contrato é temporal e ten unha causa obxectiva de finalización, UGT pon a disposición todas as súas sedes nacionais para que poidas reclamar o teu dereito á indemnización como a dos traballadores indefinidos.

Ademais, se xa percibiches a túa indemnización porque o despedimento foi anterior á devandita sentenza, debes saber que podes reclamar a diferenza, xa que no caso do emprego privado podes reclamar un ano atrás; e no público, nalgúns casos, catro anos cara atrás.

Traballador, traballadora  
**TEMPORAL  
INTERINO**  
**¡¡RECLAMA!!  
UGT AXÚDACHE**

Sabes que tes dereito á mesma indemnización cando finaliza o teu contrato que os traballadores fixos?

- O Tribunal de Xustiza Europeo, TXUE, corrixe á lexislación española.
- ¡Reclama! #TienesDerecho
- Se rematou o teu contrato, reclama a túa indemnización como a dun indefinido.
- Se es funcionario/estatutario ou persoal indefinido non fixo, cando se extinga a relación laboral, tes dereito a 20 días por ano traballado.
- Se xa che indemnizaron recentemente, reclama, aínda estás a tempo.
- Se es afiliado, consúltanos; se non o es, é o momento de dirixirte a nós. #TienesDerecho

**ACUDE A UGT**  
www.ugtgalicia.org  
Consulta dónde está a túa sede máis cercana

**UGT Galicia**

UGT xa gañou en España ante os xulgados do social a equiparación das indemnizacións. Acode ás nosas sedes e reclama os teus dereitos.

**Programa de garantía xuvenil**

**Programa extraordinario de activación para o emprego**

**INFÓRMATE!**

Dirixete ás sedes de **UGT**  
ou en: <http://www.ugtgalicia.org>



# O GOBERNO DEBE POÑER EN MARCHA POLÍTICAS DIRIXIDAS ÁS PERSOAS E Á RECUPERACIÓN DE DEREITOS

**UGT presenta as súas propostas para a nova lexislatura**

**Redacción.-** Os secretarios xerais de UGT e CCOO, Pepe Álvarez e Ignacio Fernández Toxo, presentaron este xoves en rolda de prensa as propostas sindicais prioritarias para a nova lexislatura recollidas no manifesto "Recuperar ás persoas, construír xuntos o progreso".

Pepe Álvarez sinalou que o documento, que contén a folia de ruta das organizacións sindicais e foi remitido tanto ao presidente do Goberno como aos representantes dos grupos parlamentarios, destacou a necesidade de "desenvolver políticas que vaian dirixidas ás persoas e a recuperar dos dereitos dos cidadáns" no marco dunha situación política marcada pola necesidade de diálogo e acordos políticos e sociais.

Neste sentido, subliñou en primeiro lugar, que os sindicatos "rexeitamos o axuste de 5.500 millóns que reclama a Comisión Europea e cremos que o Goberno debe apoiarse no Parlamento e expor á Unión Europea a renegociación da débeda para gañar tempo e que os cidadáns poidan recuperar dereitos".

Álvarez resaltou a importancia de alcanzar obxectivos reais en materias fundamentais como as pensións, a negociación colectiva, a loita contra a pobreza, a educación ou a sanidade e a necesidade de que estas cuestións poidan abordarse no marco do diálogo social porque "a solución aos problemas graves da maioría da sociedade non poden esperar máis".

"É necesario establecer un plan de choque polo emprego, recuperar a negociación colectiva, os salarios e a protección social, así como, o Pacto de Toledo, reverter as reformas e recortes en educación ou acometer unha reforma integral do sistema fiscal", engadiu, "elementos clave para a próxima lexislatura que os sindicatos xa expuxeron aos grupos parlamentarios antes das eleccións conseguindo o apoio da inmensa maioría dos partidos a excepción do Partido Popular".



## As propostas salariais para 2017 aínda non están pechadas

O secretario xeral de UGT explicou que as dúas confederacións sindicais teñen "pendente acordar os díxitos en relación coa negociación colectiva para 2017, aínda que a proposta quedará definida nas próximas semanas cando se debata a cuestión nos órganos de dirección dos sindicatos e haxa unha reunión das dúas executivas".

"Con todo", puntualizou, "esta cuestión non é o que está a parar o acordo de negociación colectiva, senón máis ben a posición de CEOE".

# O SECTOR DE ENSINO DE UGT DENUNCIA QUE UN DE CADA CATRO DOCENTES É INTERINO

**Redacción.-** Un 25% do profesorado de ensinos non universitario é interino. A cifra conseguiu reducir ata o ano 2011 a un 8%, co desenvolvemento de LOE e a aplicación de amplas ofertas de emprego público (OEP). A partir dese momento a irresponsabilidade das administracións educativas levou a un engrosamento das bolsas de interinos, de tal modo que un de cada catro docentes atópase nesta situación.

Na docencia, a contratación de profesorado interino prodúcese para cubrir casos de eventualidades de funcionarios docentes con postos fixos, como pode ser enfermidade, excedencia, comisións de servizo, etc.

Esta situación de eventualidade está a desvirtuarse, xa que se utiliza de forma permanente en cada curso escolar para cubrir vacantes que non se ofertan como emprego público (OEP), co que se está favorecendo a inestabilidade e a precariedade no emprego.

Unha porcentaxe normal de interinos no

personal docente debería ser do 5%. Todo o que estea por encima demostra que non se está priorizando a consolidación do sistema educativo. Están a abaratarse os dereitos sociolaborais do profesorado interino (sexenios, trienios, cobro do verán, acceso á formación...), cunha flagrante vulneración por parte das administracións educativas do principio de igualdade, recollido no artigo 14 da Constitución e da directiva europea que proclama "igual salario a igual traballo".

A situación de precariedade e de incremento de interinos é un elo máis da cadea de recortes que vimos arrastrando nos últimos anos: recortes de persoal, incremento de horario lectivo e cocientes e unha mínima OEP que non cubriu nin a taxa de reposición de efectivos. Todo iso fai necesario un cambio de rumbo na política educativa, que dea resposta ás necesidades das nosas aulas e que considere a educación como unha prioridade de Estado.

O sector de Ensino de FeSP-UGT de-



nuncia esta situación insustentable para o sistema educativo e esixe ao novo Goberno unha ampla Oferta de Emprego Público docente que quede reflectida nos próximos Orzamentos Xerais do Estado. Do mesmo xeito, o sindicato reclama ao Ministerio que inste ás administracións educativas a responder coa mesma amplitude de ofertas, co fin de rebaxar as altas porcentaxes alcanzadas.

UGT reclama respostas efectivas para mellorar as condicións sociolaborais do profesorado interino e a igualdade de dereitos ante un mesmo traballo realizado. O sindicato pon a disposición dos afectados, polas últimas sentenzas europeas, os seus servizos xurídicos e de atención para atender as súas xustas reclamacións.

# A ILP DE PRESTACIÓN DE INGRESOS MÍNIMOS: PRIMEIRA MATERIA DO CONGRESO E DO GOBERNO

**Redacción.-** Tras 300 días sen Goberno, paralizáronse as políticas de protección aos cidadáns deste país e asistimos a unha perda continua de dereitos. Millóns de persoas perderon todas as súas prestacións, os seus recursos e a posibilidade de atopar un emprego. Por iso, UGT esixe ao novo Goberno que tome medidas de maneira urxente para atender ás persoas en peor situación. O sindicato reclama un novo contrato social que restableza os dereitos sociais perdidos e que o Congreso debata de maneira inmediata a necesidade dunha prestación de ingresos mínimos para as persoas en peor situación, como lle demandou a poboación española a través da ILP que presentamos as organizacións sindicais o pasado mes de maio, co fin de apostar de forma decidida por fortalecer o Estado de Benestar e rescatar ás persoas deste país.

Tras 300 días sen goberno, 300 días nos que se paralizaron as políticas de protección aos cidadáns e cidadás, asistimos a unha permanente perda de dereitos, a unha caída sen rede de millóns de cidadáns que perderon todas as súas prestacións, os seus recursos e as posibilidades de atopar un emprego. Ao redor de 3,5 millóns de persoas padecen pobreza severa e 13,3 millóns (un 28,6 por cento da poboación) están en risco de pobreza e exclusión social, cun 25% de traballadores novos nesta situación. Persoas que precisan que o novo Goberno tome medidas urxentes para paliar esta situación.

Desde UGT esiximos a urxente posta en marcha dun novo contrato social que restablezca os dereitos sociais e antepónalos aos intereses económicos. A sociedade non pode esperar máis porque as situacións máis perentorias continúan aumentando.

Mentres o Goberno considera incuestionables os recortes impostos por Bruxelas, para UGT a solución non consiste en re-



cutar 5.000 millóns de euros, senón en investir e recuperar recursos para políticas sociais e de protección á poboación que se atopa en vulnerabilidade social. Atopámonos nunha situación de alarma social que nos fixo debater o noso sistema de protección social e a resposta que se veu dando ante as necesidades da cidadanía. A nosa conclusión máis inmediata: é apremiante unha intervención pública.

Desta necesidade evidente, debe facerse un replanteamento dos sistemas de protección social e seguridade económica. O crecemento económico non é suficiente para reducir a taxa de persoas en situación de pobreza. A capacidade redistributiva, que lle corresponde ao Estado, debe intervir na creación das políticas sociais e nestes momentos debe ser prioritaria, para lograr unha maior cohesión social e equidade en todo o país. Á súa vez, intervir na economía; co obxectivo de cambiar a distribución da renda, conforme aos principios de solidariedade e igualdade social. Entre esta cobertura atópase a protección ás persoas fronte ao risco de perda ou carencia de ingresos suficientes, a través do noso sistema da Seguridade Social que se establece como un instrumento de prevención da pobreza.

Para iso, UGT expón unha serie de medidas co obxectivo de rescatar ás persoas mediante a creación de emprego, a protección social e o desenvolvemento económico e social.

É imprescindible unha actuación urxente.

UGT esixe ao novo Goberno que poña en marcha a Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) que presentamos no mes de maio para unha Prestación de Ingresos Mínimos. 165 días nos que máis de dous millóns de persoas deste país está a esperar ampliar a acción protectora da Seguridade Social e garantir uns ingresos que aseguren unhas condicións básicas para atender as súas necesidades máis esenciais, xa que, con dispoñibilidade para traballar, estas persoas carecen de emprego e duns recursos económicos mínimos para eles mesmos e, no seu caso, para os familiares ao seu cargo. A Prestación de Ingresos Mínimos débese configurar como unha prestación de dereito subxectivo enmarcada no nivel non contributivo da Seguridade Social, debendo garantirse a financiamento vía impostos, a través dos Orzamentos Xerais do Estado.

165 días de espera para a posta en marcha desta Iniciativa Lexislativa Popular, que con independencia da vontade deste Goberno de realizar políticas que protexan ás persoas; verase na obriga- ción de debater esta prestación no Congreso. Iniciativa que xa se comprometeron a apoiar os grupos parlamentarios para apostar de forma decidida por fortalecer o Estado de Benestar e rescatar aos cidadáns e cidadás.

## O sector industrial, clave para garantir unha economía forte e sustentable

**Redacción.-** O secretario de Política Sindical de UGT, Gonzalo Pino, afirmou que “a reindustrialización do noso país é clave para construír unha economía máis forte e sustentable” e que é necesario aumentar o peso da industria na composición do PIB, apostar pola investigación e innovación en todos os sectores e un maior esforzo público e privado.

Pino, que fixo estas declaracións tras

participar nunha Xornada sobre “Os retos da industria 4.0”, manifestou que o Plan Estratégico para a Industria, que propón o sindicato, pasa por conxugar a “innovación, robotización e dixitalización coa protección dos dereitos das traballadoras e traballadores”. Neste sentido, afirmou que o novo modelo produtivo debería sustentarse en actividades que dean solidez ao crecemento, estabilidade ao volume e calidade do emprego e acheguen valor engadido e

innovación.

Así mesmo, fixo referencia aos novos retos para o emprego que representa a industria 4.0, porque a dixitalización e a robotización cambiarán as necesidades laborais, en “volume e en especialización”. Por iso, é fundamental establecer plans de formación, coa participación dos representantes dos traballadores, para a adaptación á nova realidade laboral.

## TODAS AS PENSÍONS TEÑEN QUE FORMAR PARTE DO ACTUAL SISTEMA



todo, insistiu en que todas as pensións teñen que formar parte do actual sistema.

Mari Carmen Barrera sinalou tamén conveniente “a revisión do Pacto de Toledo, co fin de que o novo pacto vaia de verdade dirixido a soste e non debilitar o sistema público de pensións; que as reformas non se poidan realizar sen o consenso amplo e maioritario do pacto; e que a orientación non sexan os recortes, senón a mellora de moitos aspectos do sistema de pensións”.

Neste sentido, advertiu que “ao longo das próximas décadas o número de pensionistas vai aumentar de forma moi considerable. Ademais, durante estes anos atoparase en activo a xeración máis pequena desde hai décadas, froito da caída ata niveis extraordinariamente baixos da natalidade desde finais dos anos oitenta”, polo que considerou imprescindible que se tomen medidas de maneira urxente para soste o sistema e asegurar o nivel de vida dos pensionistas presentes e futuros.

**Redacción.-** O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, interveu no curso sobre a situación e perspectivas do sistema público de pensións organizado por UGT, no que se analizou a situación actual do Sistema Nacional de Seguridade Social e o presente e o futuro das nosas pensións.

Un curso no que tamén interveu a secretaria de Políticas Sociais, Emprego e Seguridade Social de UGT, Mari Carmen Barrera, e no que desde o sindicato apuntáronse tres esixencias inmediatas para facer sustentable o noso sistema de pensións: a garantía de aumento de poder adquisitivo das pensións para 2017; medidas urxentes para superar o actual déficit da Seguridade Social e unha revisión do Pacto de Toledo.

Neste sentido, ambos os dirixentes demandaron un incremento das pensións para 2017 equivalente á previsión de inflación máis unha cláusula de revisión a finais de ano. A reforma do PP o único que garante é a perda continuada de poder adquisitivo e, por tanto, a caída sostida de todas as pensións.

Unha reforma que “é dobremente regresiva, porque reduce todas as pensións e porque recorta en maior medida as pensións máis baixas. Isto levará a unha caída brutal do nivel de vida dos pensionistas, ao afastamento das pensións do resto das rendas e a un sistema de pensións mínimas”, segundo indicou Pepe Álvarez.

Ademais, esixiu “medidas urxentes para superar o actual déficit entre ingresos e gastos da Seguridade Social. Emprazar a unha revisión inmediata das fontes de financiamento do sistema para restablecer o equilibrio entre ingresos e gastos e que o sistema de pensións financie non só con cotizacións senón tamén a través de impostos”. Con

## Alianza polo Clima chama á activación de políticas climáticas efectivas para o Cume de Marrakech

**Redacción.-** A COP21 alumou un novo tratado sobre cambio climático, o Acordo de París, que entrou en vigor o día 4 de novembro xusto ás portas do Cume de Marrakech e debe traducirse nunha maior vontade política para poñer ao Planeta nunha ruta de seguridade climática.

Para cumprir o seu obxectivo final, manter o aumento das temperaturas moi por baixo dos dous graos e facer todo o posible para que non superen o grao e medio, os gobernos deben dotar ao acordo dunha arquitectura firme que garanta unha verdadeira gobernanza internacional. Como as súas contribucións actuais están moi lonxe de ser suficientes, os gobernos en Marrakech deben dar sinais de que a súa aposta é a dun marco legislativo internacional forte que nos leve a unha revisión adecuada dos compromisos de maneira regular nos próximos anos. Só unha avaliación seria da idoneidade dos compromisos nacionais e a súa adecuación á magnitude do desafío transformarán en operativo o Acordo de París e poñerannos na senda de evitar a catástrofe climática.

Doutra banda, o Acordo de París significará só compromisos de redución desde 2020 en diante polo que a Alianza polo Clima, da que UGT forma parte, quere lembrar a todos os gobernos, e especialmente ás institucións europeas e españolas, que as accións antes dese ano son fundamentais para asegurar o éxito da tarefa. Os gobernos reúnen este ano en Marrocos mentres se baten todos os records históricos sobre temperaturas medias no planeta e mentres superamos as 400 ppm (partes por millón) de CO2 na atmosfera, un nivel de CO2 descoñecido para o planeta desde hai 15 millóns de anos. Xustamente porque non hai tempo que perder, a COP de Marrakech debe dar pasos para galvanizar a acción climática pre 2020.

Para apostar decididamente por políticas de adaptación que nos axuden a adaptarnos ao cambio e por políticas probadas de mitigación do cambio climático, como son a transición dos sistemas enerxéticos cara a fontes 100% renovables, profundas medidas de eficiencia enerxética ou de mobilidade, de agricultura ou de silvicultura sustentables, non hai que esperar a 2020. Nin tampouco para garantir a transición xusta para os traballadores na transformación de todos os sectores.



## Traballadores de Alcoa concéntranse en A Coruña en contra do sistema de puxa e para esixir unha solución ao Goberno

**Redacción.-** Traballadores de Alcoa-Coruña secundaron unha concentración o mércores pola tarde ante a Delegación do Goberno en contra do sistema de puxa e para esixir unha solución ao Goberno que garanta un sistema de reparto xusto da enerxía.

Esta concentración convócase a cinco días da próxima subasta eléctrica, prevista entre os días 14 e 18. Nesta concretarase o prezo e a cantidade de enerxía da que disporá a empresa.



Os traballadores demandan substituír este sistema de puxas por un máis estable, xa que co actual a viabilidade da planta vese ameazada cada ano. Lembrar que a factoría de A Coruña conta con 400 traballadores.

## FeSMC dille non ao despedimento colectivo en Segur Ibérica

**Redacción.-** A Sección sindical de UGT en Segur Ibérica traslada a súa intención de defender, dende o primeiro momento, os postos de traballo nesta empresa e, ademais, anúnciase que se realizarán todas as accións necesarias para tal fin.

Lembrar que Segur Ibérica ven de anunciar que vai iniciar un proceso de despedimento colectivo.

UGT agarda que a empresa marque a data de inicio das negociacións, é dicir, o período de consulta coa parte social.

Durante este período a empresa terá que demostrar a situación económica real na que di estar para xustificar este ERE e a parte social vai traballar por evitar ou reducir os despedimentos colectivos, así como, atenuar as súas consecuencias coas medidas que teña ao seu alcance, como pode ser un plan de viabilidade para a empresa e os traballadores.

## FeSP demanda que se cubran as vacantes en sanidade xeradas dende 2010

**Redacción.-** Os sindicatos da mesa sectorial do Sergas (UGT, Satse, CIG e CSIF) reclaman que se convoquen o vindeiro ano todas as prazas vacantes xeradas dende o 2010, compensando así os postos fixos que se perderon pola imposición dunha taxa de reposición do 10 por cento. Dende FeSP-UGT explícase que esta petición apóiase na sentenza do Tribunal de Xustiza da UE que impide que os postos estruturais se cubran con traballadores de carácter temporal.

Aínda que por primeira vez, no 2016, dende o inicio da crise, o Sergas tivo liberdade para cubrir a totalidade das prazas

que quedaron vacantes durante este ano, en períodos anteriores só se puideron cubrir o 10 por cento, de maneira que quedaron numerosos postos fixos sen cubrir que se compensaron coa contratación de persoal temporal.

Javier Martínez (FeSP-UGT) nas xuntanzas que se están a manter cos grupos parlamentarios está a advertir que a raíz da sentenza do TXUE non deben ser os xulgados, senón o Sergas, o que convoque as vacantes en 2017. Tamén lamentou que o conselleiro en funcións, Jesús Vázquez Almuiña, non quixera reunirse cos sindicatos para tratar este asunto.

## Paros en Atento este luns contra o cambio de horarios imposto pola empresa

**Redacción.-** FeSMC anuncia paros o luns, día 14, na empresa Atento en A Coruña para denunciar a imposición unilateral, por parte da empresa, de novos horarios laborais.

A orixe do problema está no cambio de horario de atención comercial de Movistar que pasa de ser de 24 horas a unha franxa de 9 a 22 horas a partir do 14 de novembro.

Por isto, Atento anunciou en outubro un proceso de modificación substancial que, tras o período de consultas, pechouse sen acordo. Os cambios, que se aplicarán a partir do luns, resultan aberrantes e, incluso, nalgúns casos os afectados non os poderán asumir e veranse obrigados a marchar da empresa.

Os paros serán este luns de dúas horas por quenda de traballo. Ademais, ás 12 e ás 18 horas se realizarán concentracións na entrada de Juan Flórez.

## Continúan as mobilizacións na sanidade privada por un convenio xusto

**Redacción.-** Os traballadores da sanidade privada da provincia de A Coruña continúan mobilizándose para reclamar un convenio xusto. Este xoves o fixeron fronte ao Hospital Quirón, en A Coruña, e xa o pasado martes tivo lugar unha concentración fronte ao San Rafael, tamén na cidade herculina.



Ademais, dende a FeSP anúnciase que se intensificarán as mobilizacións no sector se a patronal non retoma a negociación do convenio.

Fronte á demanda inicial dun incre-

mento salarial do 3 por cento e unha mellora das condicións laborais, posteriormente púxose enriba da mesa unha suba do 1,8 por cento. Pola súa banda expuxo un incremento do 0,625 por cento para os próximos tres anos nun sector que xa perdeu moitas cousas polo camiño.